I
Oracións subordinadas adverbiais

ACTIVIDADE

Hoxe luns empezamos cun novo tema, aínda sen pechar o anterior. A diferenza do tema que acabamos de rematar, imos empezar pola parte de gramática, coas oracións subordinadas adverbiais.

Algúns escribístesme comentándome que tiñades dúbidas sobre a análise das oracións subordinadas adxectivas. Acabo de publicar a corrección do exercicio que tiñamos sobre elas. Pídovos, por favor, que me escribades todas as preguntas que teñades, así volas poderei responder un a un de maneira individual, comentádeme, incluso, se preferides unha titoría por *Meet*.

Nestas sesión tendes que tomar nota no voso caderno do índice do novo tema e despois empezar coas subordinadas adverbiais. Tal e como fixemos coas adxectivas, o primeiro que tendes que facer é ler a parte teórica do voso libro (UD 10, apartado 5, páx. 250-252); o segundo, é facer o exercicio 1 e 3 da páxina 253 no voso caderno; e o terceiro, preguntarme todas as dúbidas que vos xurdiran ao ler as explicacións das adverbiais ou ao facer os exercicios e enviarmas xunto cos exercicios feitos.

Con todo isto, farei despois unha guía que vos axude a rematar de comprender as subordinadas adverbiais, por iso é moi importante que non deixedes de preguntarme todos os puntos que non entendades.

Ante calquera dúbida, escribídeme!

MATERIAL DE APOIO

Libro de texto. Unidade 10. As oracións subordinadas adverbiais (páx. 250-253)